

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA E TELEMÁTICA CELEBRADA POLO PLENO DO
CONCELLO O DÍA 29 DE ABRIL DO 2021.****Sesión 06/2021-P**

<p><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p><u>PRESIDENTE</u> D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)</p> <p><u>CONCELLEIROS</u> D^a María Pilar Taibo Fernández (SM) D. Xosé Fernando Fariña Andrade (SM) D^a Rebeca Mourinho Neira (SM) D^a Ana Paola Mondaca González (SM) D. María Luisa Rúa Prieto (SM) D^a María Soraya Salorio Porral (PP) D^a María José García Freire (PP) D. José Luis Tellado Villares (PP) D. José Luis García Pazos (PP) D. Alberto Manuel García Cotelo (PP) D^a María Pardo Fafián (PSOE) D. Ramiro Blanco Montero (PSOE) D^a Isabel Reimúndez Suárez (BNG) D^a Laura Rodríguez Pena (BNG) D^a María Nogareda Marzoa (AV) D. Breogán Blanco González (AV)</p> <p><u>INTERVENTOR</u> D. Jaime Presas Beneyto</p> <p><u>SECRETARIO ACCIDENTAL</u> D. Juan Esteban Méndez Leiva</p>	<p>No territorio español, sendo as 20.00 horas do día xoves 29 de abril do 2021, baixo a presidencia do sr. Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido polo secretario accidental da Corporación D. Juan Esteban Méndez Leiva, quen dá fe do acto, reúnen-se por vídeo-conferencia a través da aplicación Zoom os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria e telemática prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte Orde do Día.</p>
--	---

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todas e a todos a este Pleno Ordinario e Telemático do Concello de Sada, quen pregunta para os efectos do art. 46.3 da Lei 7/1985 se hai algún concelleiro que se atope fóra do territorio nacional sen que ninguén conteste en sentido afirmativo, polo que queda validamente constituído o Pleno.

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS (sesión núm. 05/2021).

Pola Presidencia pregúntaselles aos membros da Corporación presentes se teñen que formular algunha observación á acta da sesión núm. 05/2021, do 25/03/2021.

A sra. Nogareda Marzoa (AV) sinala que na moción do PSOE sobre a soidade non desexada consta ao final o sr. Blanco Montero (AV) cando é concelleiro do PSOE.

Non habendo intervencións, queda aprobada por unanimidade, con esa corrección, a acta da sesión núm.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2021/G010/000006

05/2021, do 25/03/2021, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

2º.- SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA REFORMA EDIFICACIÓN (ANTIGO EDIFICIO ESCOLA DE CARNOEDO).

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 04/2021, do 26 de abril, que recolle:

<<Solicitud de subvención nominativa á Excm. Deputación para a Reforma de edificio en Carnoedo.

1º.- Aprobar o proxecto técnico redactado pola Arquitecta D.ª Ana Isabel Escurís Villanustre, colexiada 2482, para a Reforma interior de edificación, por importe total de 216.742,35 € (Base imponible: 179.125,91, IVE 37.616,44, Total: 216.742,35 €).

2º.- Solicitar subvención nominativa á Excm. Deputación Provincial por importe de 140.000,00 € para a execución de dito proxecto.

3º.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos por importe de 76.742,35 €.

4º.- Declarar que non se solicitou nin obtivo ningunha outra subvención para a mesma finalidade.

5º.- Declarar que este concello non está incurso en ningunha das prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións e que cumpre coas condicións para obter a condición de beneficiario da axuda.

6º.- Declarar que este Concello está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa administración do estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación provincial da Coruña e coa Seguridade Social, autorizando á Excm. Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

7º.- Designar ao Sr. Alcalde D. Oscar Benito Portela Fernández, para a sinatura do convenio.

Non obstante, o Pleno acordará o que resulte máis oportuno para o interese xeral.>>.

Debátase o asunto coa intervención da sra. Mouriño Neira (SM), do sr. Blanco Montero (PSOE) e do sr. Tellado Villares (PP).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 5 (5 PP).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar o proxecto técnico redactado pola Arquitecta D.ª Ana Isabel Escurís Villanustre, colexiada 2482, para a Reforma interior de edificación, por importe total de 216.742,35 € (Base imponible: 179.125,91, IVE 37.616,44, Total: 216.742,35 €).

Segundo.- Solicitar subvención nominativa á Excm. Deputación Provincial por importe de 140.000,00 € para a execución de dito proxecto.

Terceiro.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos por importe de 76.742,35 €.

Cuarto.- Declarar que non se solicitou nin obtivo ningunha outra subvención para a mesma finalidade.

Quinto.- Declarar que este concello non está incurso en ningunha das prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións e que cumpre coas condicións para obter a condición de beneficiario da axuda.

Sexto.- Declarar que este Concello está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa administración do estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación provincial da Coruña e coa Seguridade Social, autorizando á Excm. Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

Sétimo.- Designar ao Sr. Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, para a sinatura do convenio.

3º.- POS+2021: PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2021. SOLICITUDE XERAL.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 04/2021, do 26 de abril, que



recolle:

<<POS+2021: PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2021. SOLICITUDE XERAL.

1.- Rectificar o acordo plenario de data 04/02/2021 de participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e, na súa consecuencia solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación nas seguintes contías, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2021", "achega provincial 2020" e "préstamo provincial 2021":

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores	41.232,03	3.021,36	44.253,39
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Subtotal pago a provedores	41.232,03	3.021,36	44.253,39

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	268.170,57
Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final)	
Subtotal gasto corrente	268.170,57

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2021	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
--			0
Subtotal investimentos achega provincial 2021			0

ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financeiramente sostíbeis)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Fase I Módulo cuberto 1ª fase de Instalacións deportivas no lugar de Quintán, Mondego	374.592,70	349.199,50	723.792,20
Subtotal investimentos achega provincial 2020	374.592,70	349.199,50	723.792,20

Aprobar o proxecto da obra que se relacionan nestas táboas e acordar a non división en lotes do investimento obxecto do proxecto debido a que pola natureza do seu obxecto, non se pode dividir en lotes que sexan un traballo completo, segundo declara o redactor do mesmo D. Manuel Tella López.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:



Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2021 aplicado á redución da débeda
--	--
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2020	44.253,39		44.253,39
	Achega 2021			
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2021	268.170,57		268.170,57
	Achega 2020 (Excep. Base 2.2)			
C- INVESTIMENTOS	Achega 2021			
	Achega 2020	374.592,70	349.199,50	723.792,20
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2021	0		0
TOTAL	Achega 2021	268.170,57	0	268.170,57
	Achega 2020	418.846,09	349.199,50	768.045,59
	Préstamo 2021	0	0	0
	TOTAL	687.016,66	349.199,50	1.036.216,16

2.- Aprobar tamén a inclusión do Plan Complementario do ano 2021 co seguinte investimento financeiramente sostible que a continuación se indican e aprobar o correspondente proxecto:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Substitución de redes e reurbanización da rúa Sanjurjo Badía entre a rúa das Flores e a AC-163	387.888,67 €
TOTAIS	387.888,67 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.



4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Non obstante, o Pleno acordará o que resulte máis oportuno para o interese xeral.>>.

Debátase o asunto coa intervención do sr. Fariña Andrade (SM), do sr. Blanco Montero (PSOE) e do sr. García Cotelo (PP).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 10 (6 SM, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 7 (5 PP e 2 PSOE).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Rectificar o acordo plenario de data 04/02/2021 de participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e, na súa consecuencia solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación nas seguintes contías, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2021”, “achega provincial 2020” e “préstamo provincial 2021”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores	41.232,03	3.021,36	44.253,39
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Subtotal pago a provedores	41.232,03	3.021,36	44.253,39

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	268.170,57
Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final)	
Subtotal gasto corrente	268.170,57



C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2021	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
--			0
Subtotal investimentos achega provincial 2021			0

ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Fase I Módulo cuberto 1ª fase de Instalacións deportivas no lugar de Quintán, Mondego	374.592,70	349.199,50	723.792,20
Subtotal investimentos achega provincial 2020	374.592,70	349.199,50	723.792,20

Aprobar o proxecto da obra que se relacionan nestas táboas e acordar a non división en lotes do investimento obxecto do proxecto debido a que pola natureza a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo dende un punto de vista técnico.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2021 aplicado á redución da débeda
--	--
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	

E) Resumo:

SUBTOTAIS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2020	44.253,39		44.253,39
	Achega 2021			



B- GASTOS CORRENTES	Achega 2021	268.170,57		268.170,57
	Achega 2020 (Excep. Base 2.2)			
C- INVESTIMENTOS	Achega 2021			
	Achega 2020	374.592,70	349.199,50	723.792,20
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2021	0		0
TOTAL	Achega 2021	268.170,57	0	268.170,57
	Achega 2020	418.846,09	349.199,50	768.045,59
	Préstamo 2021	0	0	0
	TOTAL	687.016,66	349.199,50	1.036.216,16

Segundo.- Aprobar tamén a inclusión do Plan Complementario do ano 2021 co seguinte investimento financeiramente sostible que a continuación se indican e aprobar o correspondente proxecto:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Substitución de redes e reurbanización da rúa Sanjurjo Badía entre a rúa das Flores e a AC-163	387.888,67 €
TOTAIS	387.888,67 €

Aprobar o proxecto da obra que se relacionan nestas táboas e acordar a non división en lotes do investimento obxecto do proxecto debido a que pola natureza a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo dende un punto de vista técnico.

Terceiro.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Cuarto.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.



Quinto.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

Sexto.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Sétimo.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Oitavo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

4º.- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP O 28.01.2021 (NRE 20219990000435) CONTRA O ACORDO ADOPTADO NO PUNTO 2º DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DO 29.12.2020.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 04/2021, do 26 de abril, que recolle:

<<RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP O 28.01.2021 (NRE 20219990000435) CONTRA O ACORDO ADOPTADO NO PUNTO 2º DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DO 29.12.2020.

Primeiro.- Inadmitir o recurso de reposición interposto por non ser posible, conforme ao artigo 124.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, interpoñer recurso de reposición contra a resolución dun recurso de reposición.

Segundo.- Notificar a presente resolución ao interesado.

Non obstante, o Pleno acordará o que resulte máis oportuno para o interese xeral>>.

Debátase o asunto coa intervención do sr. Alcalde, da sra. Pardo Fafián (PSOE) e da sra. Salorio Porral (PP).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).

- Votos en contra: 5 (5 PP).

- Abstencións: Ningún.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Inadmitir o recurso de reposición interposto por non ser posible, conforme ao artigo 124.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, interpoñer recurso de reposición contra a resolución dun recurso de reposición.

Segundo.- Notificar a presente resolución ao interesado.

5º.- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP O 28.01.2021 (NRE 20219990000434) CONTRA O ACORDO ADOPTADO NO PUNTO 3º.B.2 DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DO 29.12.2020.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 04/2021, do 26 de abril, que recolle:



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2021/G010/000006

<<RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP O 28.01.2021 (NRE 20219990000434) CONTRA O ACORDO ADOPTADO NO PUNTO 3º.B.2 DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DO 29.12.2020.

Primeiro.- Estimar o recurso anulando o acordo adoptado por cuestións de forma, ao ser reprodución doutro idéntico xa aprobado no mesmo pleno, sen entrar a valorar o fondo do recurso.

Segundo.- Retrotraer o expediente ao momento anterior á presentación da emenda para continuar como en Dereito proceda coa tramitación da moción.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao interesado.

Non obstante, o Pleno acordará o que resulte máis oportuno para o interese xeral>>.

Debátese o asunto coa intervención do sr. Alcalde, da sra. Pardo Fafián (PSOE) e da sra. Salorio Porral (PP).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: 5 (5 PP).
- Abstencións: Ningún.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Estimar o recurso anulando o acordo adoptado por cuestións de forma, ao ser reprodución doutro idéntico xa aprobado no mesmo pleno, sen entrar a valorar o fondo do recurso.

Segundo.- Retrotraer o expediente ao momento anterior á presentación da emenda para continuar como en Dereito proceda coa tramitación da moción.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao interesado.

6º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A. Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 22 de marzo (núm. 647) ata o 23 de abril do 2021 (núm. 899).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 22 de marzo (núm. 647, do expediente 2021/G003/000645) ata o 23 de abril do 2021 (núm. 899, do expediente 2021/G003/000945), que foron postas de manifesto á secretaria da Corporación.

A continuación o sr. Alcalde vai dar lectura a unha declaración institucional polo centenario do nacemento de Carmen Arias de Castro *Mimina*.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) sinala que debería ter sido asinada por todos os grupos da Corporación, non só polo Goberno Municipal.

O sr. Alcalde dille que todos os grupos municipais amosaron a súa conformidade co texto da declaración.

A sra. Rúa Prieto (SM) di que lle foi consultado este asunto ao secretario accidental e que lle respondeu que habendo conformidade, podían asinala así.

A continuación, o sr. Alcalde procede a dar lectura á declaración institucional seguinte:

<<DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

2021 CENTENARIO DO NACEMENTO DE CARMEN ARIAS DE CASTRO (MIMINA)

Neste 2021 o Concello de Sada quere conmemorar o centenario do nacemento de Carmen Arias de Castro, "Mimina", figura senlleira e fundamental na historia da Galiza do século XX e Filla adoptiva de Sada.



Toda Galiza en xeral, e Sada, en particular, teñen unha débeda con ela e co seu fogar, o Castro de Samoedo, pois ela foi a muller que iluminou, desde o fondo, ese fogar para todos nós e hoxe resulta imperativo o recoñecemento, a reparación e a xustiza que a súa persoa e traballo merecen, e, así, alimentarmos o lume que ela acendeu hai xa moito tempo.

O Concello de Sada ten o deber de dar a coñecer á Mimina cofundadora de Sargadelos, á Mimina mecenas, á Mimina innovadora, á Mimina deseñadora, á Mimina artista, á Mimina audaz, á Mimina comprometida... á gran muller que aparece sempre ligada ao seu home, Isaac Díaz Pardo, cunha fidelidade e lealdade tales que fixeron que a súa propia traxectoria ficase nunha inxusta invisibilidade que, o máis axiña posible, debe ser reparada.

É hora de que as boas palabras se traduzan en feitos, de que as mans deste Concello falen, e o mellor xeito de honrar a quen tanto lle deu a Sada e devolverlle a luz ao legado que nos deixou. O feito de que Mimina soubese traballar coma ninguén no escuro, de que soubese manexar coma ninguén os silencios, non pode condicionar que esa lousa de silencio e escuridade dominen unha traxectoria e un universo que, moi ao contrario, estiveron e estarán para sempre repletos de luz e compromiso.

O 1 de Novembro de 2013 finaba Mimina no Castro de Samoedo. O Concello de Sada asume a responsabilidade de manter acesa a luz que ela, canda o seu home Isaac, nos legou para que as vindeiras xeracións nunca esquezan esta figura determinante da historia de Galiza. E pode ser certo... Ás veces, detrás dunha gran muller hai un gran home. Mais sempre está alá, ao fondo, esa outra muller miúda que cala tanto>>.

B.- Mocións.

B.1.- Moción do GM do PSOE sobre a recualificación do litoral do núcleo urbano.

O sr. Alcalde di que non fai falla votar de novo a urxencia da moción.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) dá lectura á parte dispositiva da moción.

<<1.-Iniciar o procedemento para a modificación puntual do PXOM que amplíe a delimitación actual do PEID, incluíndo o ámbito correspondente ao SXEL 06-12, ao SXE de 06-11, e o treito da rúa da Praia composto polo sistema local viario e SXEL06-13, dotando a esta franxa do litoral do núcleo dun tratamento homoxéneo no que se refire tanto á súa fachada edificada como ás diferentes dotacións situadas entre o núcleo e a ribeira do mar.

2.-Atrasar todas as actuacións pretendidas nos espazos comprendidos na modificación puntual, namentres non se aprobe a devandita modificación>>.

Continúa o debate coa intervención da sra. Rodríguez Pena (BNG); da sra. Salorio Porral (PP) que presenta unha emenda (PEPRI); do sr. Alcalde e da sra. Pardo Fafián (PSOE) .

A continuación, debatido o asunto, procédese á votación da emenda do PP, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 7 (5 PP e 2 PSOE).
- Votos en contra: 10 (6 SM, 2 BNG e 2 AV).
- Abstencións: Ningún.

Deseguido, procédese á votación da moción do PSOE, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 7 (5 PP e 2 PSOE).
- Votos en contra: 10 (6 SM, 2 BNG e 2 AV).
- Abstencións: Ningún.

Resultando rexeitado a adopción de calquera tipo acordo.

B.2.- Mocións do GM do PP e do GM do PSOE sobre a modificación do ROM.

Consta unha moción presentada polo grupo municipal do PP, que literalmente sinala:

<<MOCIÓN PARA LA MODIFICACIÓN PARCIAL DE ROM DELAYUNTAMIENTO DE SADA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En multitud de ocasiones a lo largo de distintas legislaturas, hemos podido constatar que es habitual que las distintas mociones o propuestas sean objeto de enmiendas o transacciones con la intención de modificar, ampliar, mejorar, etc los acuerdos pretendidos por el Grupo proponente. Pero también se ha dado el caso, en más de una ocasión, que el texto finalmente aprobado tuviese “poco o nada que ver” con el inicialmente propuesto; incluso se dio la paradoja de que se llegara a aprobar una moción con el voto EN CONTRA del proponente, porque la enmienda aceptada por la mayoría de la Corporación Municipal cambiaba total o sustancialmente la intención de la moción. Lo que, en nuestra opinión debería ser planteado como una nueva propuesta o moción y no como sustitución del acuerdo objeto de debate.

En una convocatoria reciente en la que al GMPP nos sucedió lo anteriormente descrito, iniciamos la consulta con representantes y asesores en otras Administraciones de nuestro entorno, sobre el modo de votar las enmiendas en los Plenos; ya que en mi experiencia como Diputada Autonómica había



constatado que allí las enmiendas eran aceptadas o no por el grupo proponente, antes de proceder a la votación del texto resultante de ese debate y transacción, en su caso.

De esta consulta y tras varios comentarios (por razón de orden) en el Pleno de Sada, hemos llegado todos a la conclusión de que el ROM no deja nada clara esta situación, motivo por el que ya adelantamos en el Pleno pasado que presentaríamos esta solicitud para su modificación parcial.

Aprovechamos esta solicitud de modificación del ROM para intentar también que quede un poco más claro el tema de la "urgencia" de las mociones llevadas a Pleno:

- consideramos que existen, y es normal que así sea, mociones urgentes, y está previsto que se puedan registrar hasta las 14 horas del día anterior a la celebración del Pleno.

- pero también, en muchos de los casos, las mociones que se llevan a Pleno están previstas y estudiadas con la antelación suficiente para no necesitar registrarlas el último día, ni tener que votar la urgencia para poder debatirlas.

Por lo que proponemos que todos los grupos "pongamos de nuestra parte" para registrar las lo antes posible para poder incluirlas en el orden del día del Pleno, y debatirlas sin el trámite de la urgencia; al mismo tiempo que nos facilita el trabajo el poder tener conocimiento de ellas con unos días de antelación y no vernos obligados a estudiarlas, en la mayor parte de los casos, el mismo día de la convocatoria.

ACUERDO

PRIMERO.- Modificación de los puntos 1.- y 3.- del Artículo 52 del ROM, que pasarían a decir:

1.- Cando nas comisións e Plenos consten votos particulares ou se presenten emendas as propostas ou mocións, serán sometidos a debate, e o grupo proponente será o que decida si acepta ou non as emendas ou transacción; a votación será sobre ese texto resultante.

3.- Igualmente poderán presentarse de viva voz as emendas transaccionais, que teñen por obxeto unificar criterios ou refundir outras emendas ou proposicións formuladas durante o debate, así como as emendas de supresión. En calquera caso, o grupo proponente será o que decida si acepta ou non esas emendas ou proposicións, antes de proceder a votación do texto resultante.

SEGUNDO.- Modificación del punto 1.- del Artículo 64 del ROM, que pasaría a decir:

1.- Son mocións a propostas que por iniciativa propia fagan, individual ou colectivamente, os concelleiros ou os grupos, que non teñan cabida no punto de rogos e preguntas e que se sometan directamente á consideración do Pleno mediante escrito dirixido ao Presidente no que se motive debidamente ésta, asinado polo concelleiro proponente ou polo Portavoz do Grupo, e presentado por Rexistro Xeral con antelación suficiente ao Pleno para incluirlas na orde do día, e

poñelo en coñecemento de todos implicados; se fose por razóns de urxencia, podería ser rexistrado ata as catorce horas do día hábil anterior a aquel no que se celebre a sesión plenaria, salvo casos de forza maior, no que se permitirá a presentación no momento do inicio do Pleno.

As mocións carecerán da eficacia precisa para a aprobación inmediata de acordos que esixan informes técnicos, económicos ou xurídicos, necesarios para garantir a oportunidade, posibilidade ou legalidade do acordo a adoptar>>.

Consta unha segunda moción presentada polo grupo municipal do PSOE, que literalmente sinala:

<<MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO SOCIALISTA ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, para instar á modificación do artigo 52 do Regulamento Orgánico do Concello de Sada mediante a engádegas dun novo punto que regule a presentación e votación de emendas ás mocións presentadas ao Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cando un grupo municipal presenta unha moción ao Pleno para o seu debate, faino convencido da súa importancia e comprometido co seu contido e a súa esencia fundamental. Lograr a aprobación por parte da Corporación implica que a maioría simple desta comparte devandito contido total ou parcialmente pero, máis importante se cabe, da o seu apoio á proposta orixinal.

É frecuente que durante o debate xurdan propostas por parte doutros grupos políticos de cambios na moción, ben sexa por adición de novos puntos que melloren a proposta orixinal, por supresión dalgúns aspectos conflitivos permitindo así a súa aprobación ou por cambios na redacción dos acordos que, mantendo a esencia fundamental dos mesmos, resulten máis claros e aceptables para todos.

En ocasións deuse o paradoxo de que unha moción presentada por un grupo político, tras varias emendas suxeridas por outros grupos e aprobadas co voto en contra do grupo proponente, resulta aprobada cun contido radicalmente oposto ao orixinal. E o que é peor aínda, figurando como proponente da devandita moción un grupo que está en contra do aprobado.

Resulta obvio que cambiar o sentido dunha moción sen a aprobación da súa proponente é cando menos prostituír o seu fundamento e afástase das máis elementais prácticas democráticas.

No último Pleno do 25 de marzo de 2021, durante un rogo da Sra. Salorio, Concelleira do Partido Popular, para que se aclarase a forma de votar as emendas ás mocións quedou de manifesto que o vixente Regulamento Orgánico do Concello de Sada non define claramente a forma na que se debe realizar a devandita votación.

Dito Regulamento contempla na súa Sección 3ª, artigo 52, puntos 1, 2 e 3, a forma en que se presentarán emendas aos ditames, propostas ou mocións que se debaterán no Pleno. Pero non indica expresamente, como si ocorre noutros organismos públicos, que calquera emenda presentada a unha moción debe ser primeiro aceptada polo proponente da moción antes de ser sometida a votación.

Polo exposto, sometemos a consideración do Pleno do Concello de Sada o seguinte acordo:

<<1.Modificar o Regulamento Orgánico Municipal engadindo ao artigo 52 da sección 3ª un punto cuarto punto que quedaría redactado da seguinte



maneira:

“4. Unha vez presentadas as emendas propostas, e concluídas as intervencións dos Portavoces dos Grupos Municipais, en primeira e segunda quenda, se a houber, a Alcaldía-Presidencia concederá a palabra ao propoñente do ditame, proposta ou moción para que concrete se se admite ou non a emenda presentada.

Só se o propoñente admite a emenda presentada ao ditame, proposición ou moción, procederase a votar o texto coa incorporación da emenda. Se é rexeitada procederase a votar o texto orixinal.

2. Comezar a aplicar este acordo dende o momento no que sexa aprobado no Pleno>>.

A sra. Salorio Porral (PP) xustifica a urxencia.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningún.

A continuación, a sra.

A sra. Salorio Porral (PP) continúa indicando que vai facer unha transacción coas dúas mocións, collendo o punto primeiro no art. 52 ROM un punto catro da moción do PSOE, e a modificación do art. 64.1 da moción do PP.

A continuación o sr. Blanco Montero (PSOE) xustifica a urxencia da súa moción.

O sr. Alcalde sinala que hai unha emenda do Goberno Municipal.

A sra. Taibo Fernández dá lectura á emenda:

<<Acadar o acordo de facer unha modificación do ROM á maior brevidade posible, baixo o asesoramento xurídico para garantir á legalidade, tomando en consideración as propostas do Partido Popular e do Partido Socialista expresadas nas mocións presentadas nesta sesión, así como calquera outra cuestión susceptible de modificación>>

Continúa o debate coa intervención do sr. Alcalde, do sr. Blanco Montero (PSOE) e da sra. Salorio Porral (PP).

A continuación, debatido o asunto, procédese á votación da emenda do Goberno Municipal, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningún.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

Único.- Acadar o acordo de facer unha modificación do ROM á maior brevidade posible, baixo o asesoramento xurídico para garantir á legalidade, tomando en consideración as propostas do Partido Popular e do Partido Socialista expresadas nas mocións presentadas nesta sesión, así como calquera outra cuestión susceptible de modificación.

B.3.- Moción do GM do PSOE sobre o proceso de consolidación do emprego no Concello de Sada.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) xustifica a urxencia da moción.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningún.

A continuación, a sra. Pardo Fafián (PSOE) dá lectura á moción:

<<MOCIÓN sobre un proceso de Consolidación do Emprego no Concello de Sada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



O Concello de Sada ten no seu cadro de persoal 18 prazas vacantes dun total de 101, segundo o publicado no BOP núm. 24 de 5 de febreiro de 2020. O que supón aproximadamente un 18% do total do cadro de persoal, unha cifra moi elevada e que vulnera a normativa europea sobre o traballo temporal.

En Sentenzas recentes, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE), considera a temporalidade como unha fonte potencial de abusos en prexuízo dos traballadores que se atopan nunha situación de debilidade respecto ao empregador. O TXUE deixa en mans dos Estados determinar as condicións para corrixir este feito, máis interpretar de xeito contrario a situación, tamén segundo o TXUE, permitiría contratara traballadores de xeito precario durante anos e podería ter por efecto excluir na práctica un grande número de relacións laborais de duración determinada; e permitira utilización abusiva desas relacións por parte dos empregadores para satisfacer necesidades permanentes e estables en materia de persoal.

Recordan os xuices que a xurisprudencia nacional en virtude da que as relacións de servizo temporais e de duración determinada se consideran xustificadas por "razóns obxectivas" non teñen cabida se a renovación responde a necesidades permanentes, como é o caso do Concello de Sada.

Poderíamos buscar culpables, mais o acaído neste caso é buscar solucións, todos os gobernos de todas as cores tiveron culpa de dilatar no tempo esta cuestión; e a única afirmación real é que os eivados son os traballadores. Traballadores que accederon ao seu posto mediante un proceso selectivo, cumprindo os criterios de libre concurrencia, igualdade, mérito e capacidade; e que levan desempeñando os seus traballos con dilixencia, profesionalidade, responsabilidade, lealdade institucional e mesmo, en moitos casos, excedéndose nas súas funcións para acadar unha administración local próxima e que responda ás necesidades da cidadanía. Traballadores, que non son números, que son persoas, e que teñen familias que dependen da súa relación laboral con este Concello, e traballadores aos que se lles negou o dereito a participar nun proceso para acceder a un posto de traballo fixo dentro dos 3 primeiros anos da súa relación laboral co Concello.

Por todo o anterior, consideramos que hai que dar a oportunidade, dentro do marco legal actual, ao persoal do Concello de Sada que se atope nunha situación laboral en fraude de lei por mor de abuso da temporalidade, de acceder a un proceso de consolidación da praza real, no que se teñan en conta as peculiaridades dos traballadores que a ocupan, posto que son eses traballadores os que levan sufrindo o abuso por parte da administración moito tempo, nalgún caso máis dunha década.

Por todo isto, propónse a esta Corporación Local a adopción do seguinte acordo:

Paralizar os actos administrativos relacionados coa OEP do 2019 e convocar unha Mesa de Negociación para establecer os criterios que rexerán nos procesos de consolidación real das e dos profesionais do Concello de Sada que levan máis de 3 anos en situación de temporalidade, e que en todo caso serán:

1. Concurso-oposición como fórmula do proceso, valorando a experiencia no posto de traballo coa puntuación máxima que a lexislación vixente en cada momento permita.
2. Establecer que sempre que sexa posible, o proceso selectivo consistirá nunha única proba escrita na que se valorarán os coñecementos teóricos e prácticos do posto que se pretenda cubrir definitivamente.
3. O coñecemento do galego será requisito indispensable que se demostrará mediante diploma acreditativo do nivel esixido ou mediante a aprobación dunha proba escrita que se puntuará como apto ou non apto>>.

Continúa o debate coa intervención da sra. Nogareda Marzoa (AV); da sra. Rodríguez Pena (BNG); da sra. Pardo Fafián (PSOE), quen pregunta se existe informe de Secretaría; da sra. Salorio Porral (PP) que pide deixar sobre a Mesa por estar pendente do informe de Secretaría; da sra. Taibo Fernández (SM) e da sra. Pardo Fafián (PSOE) quen solicita tamén esperar polo informe de Secretaría.

A continuación, debatido o asunto, procédese á votación da proposta de deixar sobre a Mesa, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningún.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

ÚNICO.- Deixar sobre a Mesa este punto ata que haxa informe de Secretaría sobre a moción.

Contras as vinte e unha horas e quince minutos abandona a sesión telemática o sr. Tellado Villares (PP).

B.4.- Moción do GM do BNG sobre o auto xudicial da Audiencia Provincial que revoca as medidas cautelares e permite aos herdeiros de Franco retirar os bens do interior do Pazo de Meirás.

A sra. Rodríguez Pena (BNG) xustifica a urxencia da moción.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).



- Votos en contra: 4 (4 PP).

- Abstencións: Ningún.

A continuación, a sra. Rodríguez Pena (BNG) dá lectura á moción, xa emendada polo Goberno Municipal:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O auto xudicial coñecido o pasado martes día 20 de abril pon de manifesto o carácter estutural do problema que ten o Estado español co pasado franquista e a anomalía democrática que supón non ter aínda definido nin resolto o alcance do espolio vinculado coa ditadura.

O litixio xudicial dirimido en torno a Meirás vai alén da incorporación dun ben ao Patrimonio Público. Trátase de recoñecer a existencia dun espolio nun contexto de represión dun Estado fascista, a ditadura e o totalitarismo de Franco.

O auto da Audiencia Provincial que revoca as medidas cautelares ditas pola xuiza de primeira instancia e permite aos Franco retirar os bens mobles do Pazo de Meirás pode supoñer, de non remedialo, a blindaxe dos espolios dun ditador en favor dos seus netos desde un dos poderes públicos, un feito que ven a incidir na impunidade manifesta do franquismo.

A Sala da Audiencia Provincial ignora que Meirás é un ben expoliado ao pobo nun contexto de guerra cando acusa ao Estado de incautar os bens dos Franco cando é manifestamente evidente que foi xustamente ao revés. A única escritura válida de adquisición do Pazo de Meirás, segundo as dúas sentenzas existentes na actualidade, é a asinada entre Manuela Esteban Collantes como vendedora e a "Xunta Prol Pazo do Caudillo" como compradora en 1938. Nela dise o que esa "Xunta" comprou (e que o pobo foi obrigado a pagar). Non só comprou o inmovible se non todo o seu contido, mobles incluídos.

Tamén se despreza o feito de que o Pazo de Meirás é un BIC con categoría de "Sitio histórico". Ou sexa, salvagarda todo o conxunto (mobles e inmovibles) precisamente por ser este un espazo no que teñen acontecido episodios históricos de relevancia.

No ano 2007 cando o goberno local presidido por D. Abel López Soto solicitou a incoación de expediente para declaración de Meirás como BIC decidiuse pola Xunta protexelo na categoría de sitio histórico, e non como monumento, para dotar o ben de protección integral tanto do continente como do contido, dos bens mobles que forman parte do conxunto e que son fundamentais para contar a historia do lugar e do sitio histórico. Porén, a retirada de Meirás dos mobles e enseres do Pazo de Meirás é, ademais dun insulto ás vítimas do franquismo, un atentado contra o Patrimonio histórico.

Por último, a resolución xudicial non ten en conta os informes de Patrimonio Nacional e doutros entes públicos, que achegan datos e probas máis que evidentes do carácter público de moitos deses bens algúns deles procedentes de coleccións reais, de coleccións do patrimonio nacional así como obras de arte e bens de carácter público. Todo iso sen ter tampouco en conta que a titularidade do propio ben inmovible continua en litixio no Tribunal Supremo.

A situación antes sinalada vese agravada por dúas noticias coñecidas no día de hoxe. A primeira, a dilixencia do Xulgado pola que se executa a retirada dos bens polos Franco (para o cal se outorga o prazo dun mes); e a segunda, as manobras xudiciais (tento en vía civil como penal) que os Franco activan coa finalidade de viciar, invalidar ou deixar sen efecto procesal ou legal precisamente o contido dos inventarios realizados, mais en concreto o mencionado Informe de Patrimonio nacional antes indicado.

ACORDOS

1.- Insta á Administración Xeral do Estado, como parte actora, á interposición de cantas acción xudiciais (demanda, recursos, incidentes) considere oportunas aos efectos de evitar a retirada de bens do Pazo de Meirás.

2.- Insta á Administración Xeral do Estado e ás demais partes coadxuvantes á interposición de recurso contra da dilixencia de ordenación do Xulgado de 1ª instancia de A Coruña de 28/04/2021.

3.- Insta da Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado a velar polos intereses públicos de protección e integridade do BIC Pazo de Meirás coa categoría de sitio histórico e, por tanto, do conxunto dos bens mobles asociados ao memo.

Neste sentido, esiximos ao Goberno galego que dea efectivo cumprimento á Lei 5/2016 de Patrimonio Cultural de Galiza e ao Decreto 299/2008, non autorizando a retirada e traslado de bens mobles do pazo de Meirás, tanto daqueles que gozan xa da protección individualizada BIC como daqueles que deben entenderse asociados ao propio BIC do Pazo.

4. Para maior garantía xurídica instamos á Xunta de Galicia a que, modificando o Decreto 299/2008, se publique o catálogo de bens mobles como anexo da declaración BIC para que queden asociados á categoría de sitio histórico e solicitamos ao Estado a que interpoña as accións xudiciais oportunas ao efecto de recoñecemento expreso da titularidade pública de ditos bens>>.

Continúa o debate coa intervención do sr. Blanco Montero (PSOE), do sr. García Cotelos (PP), do sr. Fariña Andrade (SM) e da sra. Rodríguez Pena (BNG).

A continuación, debatido o asunto, procédese á votación da moción emendada polo Goberno Municipal, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).

- Votos en contra: 4 (4 PP).

- Abstencións: Ningún.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte ACORDO:



PRIMEIRO.- Instar á Administración Xeral do Estado, como parte actora, á interposición de cantas acción xudiciais (demanda, recursos, incidentes) considere oportunas aos efectos de evitar a retirada de bens do Pazo de Meirás.

SEGUNDO.- Instar á Administración Xeral do Estado e ás demais partes coadxuvantes á interposición de recurso contra da dilixencia de ordenación do Xulgado de 1ª instancia de A Coruña de 28/04/2021.

TERCEIRO.- Instar da Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado a velar polos intereses públicos de protección e integridade do BIC Pazo de Meirás coa categoría de sitio histórico e, por tanto, do conxunto dos bens mobles asociados ao mesmo.

Neste sentido, esiximos ao Goberno galego que dea efectivo cumprimento á Lei 5/2016 de Patrimonio Cultural de Galiza e ao Decreto 299/2008, non autorizando a retirada e traslado de bens mobles do pazo de Meirás, tanto daqueles que gozan xa da protección individualizada BIC como daqueles que deben entenderse asociados ao propio BIC do Pazo.

CUARTO.- Para maior garantía xurídica instamos á Xunta de Galicia a que, modificando o Decreto 299/2008, se publique o catálogo de bens mobles como anexo da declaración BIC para que queden asociados á categoría de sitio histórico e solicitamos ao Estado a que interpoña as accións xudiciais oportunas ao efecto de recoñecemento expreso da titularidade pública dos ditos bens.

B.5.- Moción do GM do PP para acordar unha transferencia de crédito co fin de acometer a redacción do Plan Especial PERI-D3.6 “Rúa Lagoa” e se inicie a xestión do ámbito.

A sra. García Freire (PP) xustifica a urxencia da moción.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (6 SM, 4 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningún.

A continuación, a sra. García Freire (PP) dá lectura á moción:

**<<MOCIÓN PARA ACORDAR UNA TRANSFERENCIA DE CRÉDITO CON EL FIN DE ACOMETER LA REDACCIÓN DEL PLAN ESPECIAL PERI-D3.6 “RUA LAGOA” Y SE INICIE LA GESTIÓN DEL ÁMBITO
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

El Pleno del Ayuntamiento celebrado el 19 de octubre de 2020 ACORDÓ por unanimidad:

Único.- Iniciar el expediente del Plan Especial de Reforma Interior PERI-D3.6 previsto en el PXOM, que contempla entre sus objetivos el “obtener suelo para la construcción de un nuevo centro de salud”, estableciendo como primer trámite dentro del mismo la obtención de la conformidad de la Xunta, hasta el 31.12.2020, sobre la parcela dotacional prevista en el PXOM en la zona de A Lagoa.

Considerando que ya paso hace meses la fecha señalada en el acuerdo.

Considerando que el alcalde y el concejal de promoción de la salud mantuvieron una reunión, el pasado mes de marzo, con el consejero de sanidad de la Xunta de Galicia, en la que únicamente ofrecieron esta ubicación para el nuevo centro de salud. El consejero de sanidad requirió al ayuntamiento la puesta a disposición de la parcela, lo que requiere la gestión previa del ámbito AR-D3.6 para su obtención por el ayuntamiento.

Considerando igualmente que el pleno del 19 de octubre de 2020, el alcalde se comprometió a incluir la partida presupuestaria necesaria para la redacción del Plan Especial PERI-D3.6 y de la gestión del ámbito por cooperación.

Y finalmente considerando que ya paso un tercio del año 2021 sin que se disponga de nuevos presupuestos, y que por decreto de alcaldía de 11.01.2021 se prorrogaron los del año anterior 2020, que no prevén crédito para esta actuación.

Por todo ello se propone al pleno el siguiente

ACUERDO

Primero.- Que por parte del gobierno de Sada se acometa una transferencia de crédito para abordar con la mayor urgencia la redacción del Plan Especial PERI-D3.6.

Segundo.- Que se inicie la gestión por cooperación del ámbito AR-D3.6, con objeto de obtener la parcela necesaria para el nuevo centro de salud y alcanzar los objetivos previstos en el PXOM>>.

Continúa o debate coa intervención do sr. Blanco González (AV), do sr. Blanco Montero (PSOE) e do sr. Alcalde.



A continuación, debatido o asunto, procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (6 SM, 4 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningún.

Resultando aprobado por unanimidade dos presentes o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Que por parte do Goberno de Sada se acometa unha transferencia de crédito para abordar coa maior urxencia a redacción do Plan Especial PERI-D3.6.

SEGUNDO.- Que se inicie a xestión por cooperación do ámbito AR-D3.6, co obxecto de obter a parcela necesaria para o novo centro de saúde e acadar os obxectivos previstos no PXOM.

C.- Rogos e preguntas.

O sr. Blanco Montero (PSOE) realiza unha pregunta en relación cun rogo formulado na sesión anterior:

1ª) Pregúntalle ao sr. Blanco González (AV) pola falta de asistencia presencial no centro de saúde.

O sr. Blanco González (AV) respóndelle que xa fixo xestións.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) realiza as preguntas seguintes:

1ª) Pregúntalle ao sr. Alcalde, en relación cunha nova nos medios de comunicación sobre unha investigación da Fiscalía Provincial á súa persoa, por un local de ocio nocturno, que está pechado, e segundo o denunciante hai outros locais coa mesma licenza que se atopan abertos.

O sr. Alcalde respóndelle que non presentou denuncia ningún local, que non está investigado, e que a denuncia foi presentada por Juan Carlos Arias Rodríguez.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) insiste en preguntar se hai ningunha diferenza entre este local e outros que se atopan pechados.

O sr. Alcalde respóndelle que non sabe a qué local se refire, que non foi un hosteleiro o denunciante, senón por por Juan Carlos Arias Rodríguez, o *Francés*, e que foi a declarar un hosteleiro, que se atopa pechado. Coida que ningún local que teña esa mesma licenza de ocio noturno (café cantante, pub, discoteca e sala de festas) estea aberto, pero coa lei de emprendemento coa declaración responsable poden ou ben subsanar ou ben pedir o cambio de licenza.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) pregunta se o cambio de licenza ten silencio positivo.

O sr. Alcalde respóndelle que non, e que pode consultar todos os expedientes en Urbanismo.

2ª) Pregúntalle, en relación coas terrazas da rúa da Praia, á primeira e segunda tenente de Alcalde, en relación a que o sr. Alcalde dixo, o 1 de abril, que a terraza de *O Pazo* foi autorizada o 31 de marzo, cando o que recibiu foi que, así que chegase a autorización de Costas (9 de abril), se lle notificaría a licenza (16 de abril), ese hosteleiro é o seu home, sendo o primeiro en solicitala, e o último en recibila, e fala de persecución política, e como a autorización chegou moi tarde, e non puido manter aberto o negocio; van seguir mantendo na Alcaldía a unha persoa que utiliza o seu cargo de xeito case que mafioso para facer e desfacer ao seu antoxo sen importarlle as consecuencias que lle poida traer aos seus veciños aos que persegue por razóns políticas.

A sra. Rodríguez Pena (BNG) indica que é mellor que fale antes a sra. Nogareda Marzoa (AV), mentres lle responde por privado a sra. Reimúndez Suárez (BNG), que non ten voz.

A sra. Nogareda Marzoa (AV) sinala que, en relación a manter o Alcalde, é un debate moito máis amplo, fala das denuncias ao Alcalde, das denuncias aos locais, de que non están facendo ben as cousas, dun problema de comunicación, que se sente que non están a facer ben as cousas, falta de comunicación, malentendidos, xenera problemas e que sería preciso un debate máis amplo e pechado, e que non se debería dar esta imaxe cara á cidadanía, e que esta serie de manifestacións requiren unha reunión moito máis seria.



O sr. Alcalde responde que a sra. Reimúndez Suárez (BNG) respostou polo chat.

A sra. Reimúndez Suárez (BNG) resposta polo chat que:

“Respondo: ante as acusacións tan graves que se acaban de transmitir, eu non respondo. Teñen que ser os técnicos quen digan se hubo algunha ilegalidade. Non eu”.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) rógalle que lle escoite a sra. Nogareda Marzoa (AV), que sendo a primeira solicitude da rúa Praia, foi o último en recibir a licenza para a terraza do local *O Pazo*, e que a imaxe a está a dar o Goberno Municipal, mantendo ese tipo de políticas e de actuar.

A sra. Nogareda Marzoa (AV) aclara que falaba de autocrítica.

O sr. Alcalde engade que se poden consultar todos os expedientes de terrazas, non houbo discriminación ningunha, foi o ano no que se concederon máis rapidamente, que menos pagaron, porque son gratuítas, e teñen máis meses, máis mesas e menos cartos.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) sinala que existe a prelación administrativa, e que se foi así mentiu no pleno anterior, ou ben estiveron a traballar sen licenza, cousa que ademais de ser ilegal, ela non podería facer.

O sr. García Cotelo (PP) realiza a pregunta seguinte:

1ª) Pregúntalle ao sr. Fariña Andrade (SM) que hai do rogo histórico dos veciños de Meirás de ter beirarrúas nas súas rúas.

O sr. Fariña Andrade (SM) pregúntalle en qué tramo.

O sr. García Cotelo (PP) respóndelle que na estrada do Pazo ata Santa Cruz.

O sr. Fariña Andrade (SM) respóstalle que se conseguiron todas menos dúas.

O sr. Alcalde respóndelle que estiveron na deputación estudando posibles solucións.

O sr. García Cotelo (PP) lémbrale que fai tres anos dixeran que eran inminentes e non eran tan inminentes.

A sra. García Freire (PP) formula un rogo e realiza unha pregunta:

1º) Rógalle ao sr. Alcalde que, en relación aos atropelos, lembre que, en maio de 2018, o PP presentou unha moción sobre os pasos de peóns na Avenida da Mariña, que non foi declarada como urxente.

O sr. Alcalde respóndalle que a AXI lle propón a cesión da Avenida da Mariña.

2º) Roga que pasen pola praia de Lourido, como fixeron uns veciños e arranxen os desperfectos alí existentes.

3º) Roga que en relación co seu Plan Sada Limpa, teñan en conta que hai unha parcela na Tenencia, que lle chaman o “coto de caza”, porque hai ratas como coellos, que lle requiriron xa os veciños, así como a zona detrás do *Carrefour* e se pregunta se requiriron a Portos de Galicia a limpeza desta zona.

O sr. Fariña Andrade (SM) respóndalle que xa se lle avisou a Portos de Galicia e lle volverán a requirir.

1ª) Pregunta polo estado da parcela da Tenencia polo horto urbano, se viron o seu estado: maleza, medianeiras con ladrillo sen revestir nun espazo protexido, é un claro exemplo de feísmo, prohibido en todos os núcleos de ámbito histórico, como é ese, e aos que a Xunta de Galicia destina axudas.

2ª) Pregunta en base a qué título está o Concello de Sada empregando esa parcela.

O sr. Alcalde respóndelle que o título era una cesión temporal ou comodato.

3ª) Pregúntalle á sra. Nogareda Marzoa (AV) polas axudas do transporte escolar, para que axilice o trámite.

A sra. Salorio Porral (PP) formula dous rogos:



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2021/G010/000006

1º) Roga que, tal e como lle pediron os veciños de Osedo, a necesidade dunha marquesiña na parada de autobús, na recta da DP.-5813, á altura da farmacia, onde hai espazo e visibilidade suficientes, para que fagan as xestións coa Deputación da Coruña, titular da vía.

2º) Roga, á Concellería de Promoción Económica que, en relación á pregunta do grupo municipal do PP sobre as horas extraordinarias de axuda a domicilio, concedidas pola Xunta de Galicia pola covid-19, e que Sada aproveitou pouco máis do 11%, porque a empresa non puido contratar máis persoal, a principios de ano a sra. Reimúndez queixouse de que viñeran todas xunta, polo que roga á Concellería de Promoción Económica, co número de desempregados que hai en Sada, debería haber un número de persoas interesadas, sempre que sexa formación, con titulación homologada e prácticas garantidas, para que se asinen convenios coa Xunta de Galicia para a organización de cursos con formación homologada, e con empresas do sector (axuda a domicilio e xeriátricos) con prácticas remuneradas.

A sra. Rodríguez Pena (BNG) di que xa se fai en Servizos Sociais, pero se precisa formación básica polo que se dan cursos de formación básica para a expedición do diploma correspondente.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 22 horas e 33 minutos do día xoves 29 de abril do 2021, do que como secretario accidental dou fe e certifico, asinando dixitalmente a presente acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unida o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.